



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO.
28 DE NOVEMBRO DE 2008.

No Salón de Plenos do Excmo. Concello de Cuntis cando son as 21:30 horas, iníciase a sesión.

Asisten:

Sra. alcaldesa-presidenta:

Da. Fátima Monteagudo Pereira.

Concelleiros:

Grupo PSG-PSOE

D. Manuel Campos Velay.

D. Rubén Campos Ferro.

D. Juan Bacariza Castro.

Grupo BNG

Da. Belén Pazos Touriño.

Da. Manuela Ferreiro Couso.

D. Serafín Escariz Fuentes.

Grupo PP

D. Antonio Pena Abal.

D. Salvador Santiago Pereira Pena.

Da. Sonia Miranda Guerra.

Ausentes

Da. M Paz Mourín Acuña.

D. José Manuel Vázquez García.

Da. M Carmen González Abal.

Secretaria: M Beatriz del Cerro del Río.

Interventora: Maruxa Cabaleiro Cuíñas

Declárase validamente constituída a sesión ao estar presentes a maioría dos seus membros en primeira convocatoria.

I. PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE SETEMBRO DE 2008.

Non habendo intervencións procédese á votación aprobándose a acta por unanimidade dos presentes.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DO USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE CUNTIS.

A Sra. alcaldesa dá lectura ao texto do ditame da Comisión Informativa.

A Sra. Pazos Touriño explica que o estatuto galego do ano 81 declara como lingua oficial e propia o galego e recomenda o uso normal e a promoción do galego. A Lei de normalización lingüística do 93 desenvolve este tema para as corporacións locais recoñecendo a importancia dos concellos pola receptividade social e a proximidade aos cidadáns. O Concello de Cuntis con esta ordenanza asume o emprego do galego en todas as súas actuacións internas e administrativas. Inclúese o impulso da lei de normalización mediante a creación dunha comisión integrada polo concelleiro competente e os representantes de persoal.

O Sr. Pena Abal di que xa na comisión manifestaron a súa conformidade, tendo xa demostrado o seu apoio ás medidas que permitan un maior desenvolvemento do galego. Non compartían o uso do termo Galiza e trala súa modificación e cambiado o texto do artigo 14 votarán a favor.

O Sr. Campos Velay sinala que están a favor da ordenanza indicando que no concello nunca houbo problemas co galego. Coinciden co sinalado polo PP respecto ao termo Galiza.

A Sra. Pazos Touriño considera que non debe criminalizarse ningún termo. Poden empregarse indistintamente e está recoñecido pola Real Academia Galega. Non obstante para lograr o consenso asumen a modificación.

Non habendo máis intervencións procédese á votación aprobándose por unanimidade dos presentes o seguinte acordo:

1º.- Modificar no texto da ordenanza o nome de “Galiza” por “Galicia”.

2º.- Incluir no artigo 14 o seguinte texto:

“Cando o interese xeral así o requira os sinais informativos tamén se redactarán noutros idiomas.”

3º.- Aprobar inicialmente a “Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Cuntis”, segundo o texto que figura como anexo a esta proposta.

4º.- Expor o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días dentro dos que os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

5º.- No caso de que non se presentaran alegacións no prazo anteriormente indicado, entenderase definitivamente aprobado.

6º.-Publicar no seu caso o texto íntegro do acordo no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE CUNTIS



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

INTRODUCCIÓN

A principal manifestación da identidade cultural dun país é a súa lingua. O galego, lingua propia de Galicia, é o máximo expoñente da nosa identidade como comunidade diferenciada. A lingua galega, no decorrer da súa historia, coñeceu períodos de “normalidade”, sendo lingua de uso común en todos os ámbitos. A historia móstranos como na segunda metade do século XIII, organismos civís, gremios, confrarías, mosteiros e conventos teñen no galego a súa lingua vehicular, e mesmo se traducen do castelán os códigos civís chegados dos territorios lingüísticos casteláns. É a partir de finais do século XIV cando comeza a progresiva substitución do galego polo castelán nos contextos formais anteditos, manténdose, poren, o galego como lingua oral. Houbo que agardar ate o século XVIII para que aparecesen as primeiras voces que reclamaban a restitución do uso do galego en todos os ámbitos. Estes xermolos florecen durante o século XIX e dan os seus froitos máis vizosos no Estatuto de Autonomía de 1936, primeira normativa legal que reconece a oficialidade do galego. A sublevación fascista malogrou a aplicación desta lexislación.

Coa instauración dun novo marco democrático no Estado español, mellóranse as condicións para ir avanzando na normalización da nosa lingua. A Constitución española de 1978 proclama “a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións”, establecendo no artigo 3.2 que as linguas do Estado diferentes ao castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades, de acordo con cada Estatuto. A promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981 proclama a lingua galega como oficial de Galicia, na súa calidade de lingua propia desta terra, e desenvolve aínda máis este precepto ao encomendarlles aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega –xuntamente coa castelá– e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, acrecentando que “disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento” (art. 5.3 E.A.G). A proclamación da oficialidade da lingua galega impón unha serie de obrigas aos poderes públicos autonómicos. Estes han de utilizala como lingua de uso normal de comunicación entre eles e nas súas relacións coa cidadanía. Ao mesmo tempo, as cidadás e os cidadáns adquiren unha serie de dereitos lingüísticos que han de ser respectados pola Administración, para o que esta ha de estar en disposición de traballar en igualdade nunha e noutra lingua oficial de Galicia (galego e castelán). A Lei de normalización lingüística (15 de xuño de 1983) desenvolve aínda máis este mandato estatutario. A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei (art. 6.4). Con posterioridade á promulgación desta Lei, fóronse aprobando ordes e decretos que veñen complementar o marco legal e van no camiño de colaborar na recuperación plena do uso do idioma galego nos diferentes ámbitos. É especialmente salientábel neste camiño a lei 5/1988, de Uso do Galego como Lingua Oficial polas Entidades Locais.

En Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as Corporacións Locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperaren o uso do noso idioma para os usos administrativos. O papel que xogan os concellos resulta de grande relevancia en calquera proxecto oficial que busque unha grande efectividade social, por seren institucións de enorme espallamento e as máis próximas ás cidadás e aos cidadáns. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan. É preciso, pois, que os rexedores municipais, en



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

primeiro lugar, corrixan os hábitos lingüísticos existentes de predomínio totalmente desequilibrado da lingua castelá.

Por considerarmos que as razóns expostas abondan para mudar as actitudes lingüísticas propónselle ao Pleno do Concello a aprobación da seguinte Ordenanza.

CAPÍTULO I

Artigo 1

- *O galego, lingua propia de Galicia, é tamén a lingua propia do Concello de Cuntis, sendo ademais o idioma de uso normal en todas as súas actividades.*
- *En consecuencia, o galego será o idioma oficial do Concello de Cuntis, como tamén o castelán, lingua oficial en todo o Estado.*
- *A cidadanía ten dereito a ser atendida e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.*
- *Sempre que neste documento apareza a denominación Concello de Cuntis ten que entenderse que se está a referir tamén a todas as unidades funcionais que a compoñen.*

Artigo 2

O Concello de Cuntis empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas, nas relacións coa cidadanía e coas entidades públicas situadas en Galicia.

Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fóra do territorio da nosa Comunidade Autónoma, o Concello empregará normalmente o castelán.

CAPÍTULO II

Resolucións e documentación administrativa

Artigo 3

Serán redactadas en galego:

- *As convocatorias de sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisión de Goberno, Comisións Informativas, Consellos Sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.*
- *As actas das sesións dos anteditos órganos municipais.*
- *As resolucións do/a alcalde/sa, dos/as concelleiros/as e o seu Libro de Rexistro.*

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, os citados documentos poderán redactarse ademais, na outra lingua oficial.

Artigo 4



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

A documentación administrativa que dea lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentación e impresos. A administración facilitará modelos en castelán a quen así o demandara.

Artigo 5

Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego.

Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio debера producir efecto fóra da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castelán.

Artigo 6

Redactaranse en galego os documentos académicos, de xestión de persoal, informes, documentos contábeis e de xestión xeral, así como os oficios, citacións, convites, etc.

Artigo 7

Nos rexistros administrativos do Concello de Cuntis os asentos faranse en galego, sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983.

CAPÍTULO III

Atención ao público

Artigo 8

Os servizos da oficina de información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPÍTULO IV

Relación coas empresas privadas

Artigo 9

Os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados, cando menos, en galego.

As empresas adxudicatarias ou concesionarias, cando actúen por conta deste Concello, así como as de explotación mixta en que sexa parte o Concello, usarán normalmente o galego, nos mesmos termos que para o propio Concello dispón a presente ordenanza

O Concello terá especial preocupación para que a nivel interno e nas actividades en que participe –convenios, consorcios–, sexan aplicados os principios aquí establecidos.

CAPÍTULO V

Anuncios e publicacións

Artigo 10

Redactaranse, cando menos, en galego os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no BOP, DOGA ou calquera medio de comunicación radicado na nosa Comunidade Autónoma.

A publicidade farase en versión bilingüe cando vaia dirixida a fóra do ámbito lingüístico galego.

Artigo 11

As publicacións editadas polo Concello teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega.

Artigo 12

Os cargos públicos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do seu propio cargo.

CAPÍTULO VI

Topónimos, sinalización e rótulos

Artigo 13

Consonte co que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Cuntis é a galega, ao igual que a dos demais topónimos de Galicia.

Artigo 14

Os rótulos e sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal redactaranse en lingua galega. Cando o interese xeral así o requira os sinais informativos tamén se redactarán noutros idiomas.

CAPÍTULO VII

Persoal ao servizo da Corporación

Artigo 15

A declaración de cooficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e na escrita, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.

O persoal de atención pública do Concello, dirixirase á cidadanía en galego, agás nos casos que se solicite a atención en castelán.

CAPÍTULO VIII

Relación con outras Administracións

Artigo 16

As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza sitas fóra do territorio galego farase nas dúas linguas, indicando en todo caso que a tradución ao castelán parte dun orixinal en galego, consignándose sempre por escrito o cumprimento do artigo 7.2 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

CAPÍTULO IX

Impulso la Lei de Normalización Lingüística

Artigo 17

Ademais da aprobación deste regulamento, e ate que non se acade o obxectivo do uso normal da lingua galega, cómpre prever accións que permitan facer un seguimento e unha avaliación da aplicación do mesmo, no marco xeral do proceso de normalización lingüística na administración municipal de Cuntis.

Crearase unha comisión de seguimento que se reunirá como mínimo con carácter anual na que estarían representados o concello, a través da persoa responsábel da área de Normalización Lingüística e representantes do persoal.

Artigo 18

A dinamización lingüística promove e apoia actuacións que favorezan a normalización do galego no Concello de Cuntis, mediante a difusión de material terminolóxico de apoio ao ensino, comercio, mocidade, sanidade... e en xeral a toda a sociedade, deseño de campañas propagandísticas de normalización, etc. As citadas actuacións respectaran en todo caso o marco competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE 2/2008 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.

A Sra. alcaldesa dá lectura ao ditame da comisión informativa e explica que se trata de aprobara definitivamente e corrixir uns erros que existían no texto aprobado inicialmente.

O Sr. Pena Abal recorda que desde hai bastante tempo non están a favor dos cambios de partidas. Xógase coa improvisación. Cando se trouxo por primeira vez a pleno abstivéronse e continúan coa mesma postura.

Non habendo máis intervencións procédese á votación co seguinte resultado:

VOTOS AFIRMATIVOS: 7 (PSOE e BNG).



VOTOS NEGATIVOS: ningún.
ABSTENCIÓNS: 3 (PP).

Aprobándose por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 26 de setembro de 2008 aprobouse inicialmente o expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de diferente grupo de función nº 2/2008.

Habéndose remitido o anuncio ao BOP e transcorrido o prazo de reclamacións de 15 días hábiles sen que se presentasen estas, advertiuse a existencia dun erro aritmético na proposta ao Pleno e consecuentemente o traslado do dito erro ao acordo plenario citado, polo que se propón efectuar a rectificación correspondente, tendo en conta que se trata dun erro aritmético dos contemplados no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procedendo a súa rectificación en “calquera momento”.

O erro en concreto consiste en que a partida que cede crédito por importe de 12.769,17 € é a 121/121.00 e non a 121/120.00, e o crédito que se aumenta na partida 511/213.00 non é de 8.000,00 € como figura na Providencia de inicio do expediente e na proposta, senón de 18.000,00 €, xa que senón non coincidiría o importe de crédito que se cede co que aumenta polo que por esta Alcaldía se propón a Comisión de Economía e Facenda:

Primeiro: Aprobar a rectificación do erro aritmético apuntado no acordo de aprobación inicial do expediente de transferencia de crédito nº 2/2008 adoptado na sesión plenaria de 26 de setembro de 2008, que consiste en corrixir a partida que cede crédito por importe de 12.769,17 € que é a 121/121.00 e non a 121/120.00 e o importe no que aumenta a partida 511/213.00 que non é de 8.000,00 € senón de 18.000,00 €, como figuran no informe de Intervención municipal.

Segundo: Aprobar definitivamente o expediente de transferencia de crédito entre partidas de diferente grupo de función nº 2/2008, tendo en conta a corrección do erro do punto anterior, de conformidade co seguinte desglose:

- *Partida que cede crédito:*

*121/120.00: Retribucións básicas de persoal funcionario.....17.230,83 €
121/121.00: Retribucións complementarias de persoal funcionario.....12.769,17 €*

- *Partida que aumenta crédito*

*511/213.00: Reparación, mantemento e conservación de maquinaria, instalacións e utensilios.....18.000,00€
511/221.03: Combustibles e carburantes.....12.000,00€*

Terceiro: Proceder á publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos e a remisión á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, aos efectos do

disposto no artigo 169.3 e 4 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais ó que se remite o artigo 177.2 do mesmo.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DA ZONA EMPRESARIAL DA RAN.

A Sra. alcaldesa dá lectura ao ditame da comisión informativa.

A Sra. Pazos Touriño expón que Cuntis carece de solo industrial. Instalouse un polígono industrial con irregularidades xurídicas o que impide que as empresas poidan acceder a financiamento e que se desenvolvan e creen postos de traballo. Coa aprobación deste plan crearase solo industrial, desenvolveranse as infraestructuras e dotarase ó polígono existente de servizos e dotacións urbanísticas. Resérvase solo para equipamento social e deportivo nunha porcentaxe maior á esixida.

Esta é unha reclamación dos veciños de Cuntis que se desenvolve coas garantías da lei.

En concordancia con este tema o BNG presentou alegacións ao Plan Director de Estradas de Galicia para que exista unha conexión entre o polígono e a AP9 para dotar de competitividade e mellorar a produtividade.

O Sr. Pena Abal recorda que sempre loitaron porque Cuntis tivera un polígono industrial e viviron situacións moi tensas por ese tema. Cuntis precisa un tecido e solo industrial. Espera que trala aprobación deste plan despegue a economía do pobo, no prazo previsto e cuns orzamentos suficientes.

O Sr. Campos Velay manifesta o seu apoio á proposta ao igual que fixeron cando a alcaldesa asinou o convenio para iniciar os trámites deste Plan. Pide que se presuposten as contías precisas para rematar canto antes co polígono.

Non habendo máis intervencións procédese á votación aprobándose por unanimidade dos presentes o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan de Sectorización da Zona Empresarial da Ran.

2º.- Abrir un período de exposición pública polo prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

3º.- Publicar anuncio en dous dos periódicos de maior difusión da provincia.

4º.- Notificar individualmente a todos os propietarios dos terreos afectados que figuren no catastro.

5º.- Solicitar os informes sectoriais das Administracións Públicas competentes.

6º.- Continua-la tramitación da avaliación ambiental estratéxica expoñendo ao público o informe de sustentabilidade ambiental e realizar as correspondentes consultas coas administracións públicas afectados polo prazo de dous meses.

II PARTE DE CONTROL

5º RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións dictadas.

6º REPAROS DE INTERVENCIÓN.

Dáse conta dos reparos de intervención.

7º MOCIÓNS.

7.1.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A MEMORIA HISTÓRICA

O Sr. Campos Velay dá lectura ao texto da moción. Engade que trala aprobación da Lei da memoria histórica preténdese aos familiares das vítimas localizar as fosas comúns e dar correcta sepultura aos mortos non levantar vestixios da guerra.

O Sr. Pena Abal sinala que esta lei foi aprobada polas tres forzas parlamentarias pero as competencias pertencen á Xunta de Galicia non aos Concellos. Descoñece se o concello dispón de planos e mapas para a localización das fosas comúns e se non que as elabora. Ademais da autorización do concello hai que ter en conta aos donos dos terreos e a existencia de vítimas en ambos bandos.

A Sra. Pazos Touriño está de acordo coa moción ao supor o recoñecemento da represión. Considera demagóxico indicar que existiron vítimas de ambos bandos. Os únicos “paseados” en Cuntis foron os partidarios da República como o último alcalde republicano. Xa foi retirado o escudo da fachada da praza de abastos. As administracións locais ao estar máis próximas aos cidadáns deben contribuír á localización das fosas e á sepultura dos restos como mostra de recoñecemento e respecto aos cuntienses represaliados, exiliados e paseados tralo golpe militar.

O Sr. Campos Velay recorda que hai persoas que non saben onde están os seus mortos. O concello debe pór a disposición os medios dos que dispón.

Non habendo máis intervencións procédese á votación co seguinte resultado:

VOTOS AFIRMATIVOS: 7 (PSOE e BNG).

VOTOS NEGATIVOS: ningún.

ABSTENCIÓNS: 3 (PP).

Aprobándose por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

Esta moción inspírase nos valores e principios que fixeron posible a Transición no noso país: a reconciliación, a concordia, a defensa pacífica de todas as ideas e o respecto ao pluralismo; con ese espírito reencontrámonos todas as cidadás e cidadáns na Constitución de 1.978.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

Desde entón avanzamos xuntos na mellora da convivencia e na ampliación das liberdades; tamén na aprobación de medidas, no recoñecemento dos dereitos dos que sufriron as consecuencias da guerra civil e o réxime ditatorial que a sucedeu.

Acertadamente, ao longo destas tres décadas, cada un deses avances foi visto por toda a cidadanía como un paso necesario non só para pechar feridas, senón tamén para fortalecer a democracia que todas e todos compartimos.

Nese traxecto, na senda da cohesión e a concordia, insírese a Lei 50/2007, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Dictadura.

No articulado da mencionada Lei, coñecida como "Lei de memoria histórica", aténdese á xusta e lexítima demanda dos numerosos cidadáns que ignoran o paradiro dos seus familiares -algúns aínda en fosas comúns-, contemplando medidas e instrumentos para que as Administracións Públicas faciliten aos interesados que o soliciten, as tarefas de localización e, se é o caso, identificación das persoas desaparecidas, como unha última proba de respecto a elas e a eles.

Tamén se establecen, unha serie de medidas en relación cos símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil e a Ditadura, sustentadas no principio de evitar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e a posterior Ditadura; e destinadas a facer dos símbolos públicos puntos de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio.

Este concello, mediante a adhesión a esta moción de todos os partidos democráticos e forzas políticas integrantes da Corporación, pode manifestar a súa vontade de contribuír a pechar feridas aínda abertas nos españois; pode dar satisfacción aos cidadáns que sufriron, directamente ou na persoa dos seus familiares, as consecuencias da Guerra Civil ou da Ditadura; pode protexer o dereito cidadán á memoria persoal e familiar, pode promover o coñecemento e a reflexión sobre o noso pasado, para evitar que se repitan violacións aos dereitos humanos como as que se viviron no noso país; e pode facelo desde a convicción de que, ao recoñecer e honrar a aqueles e aqueles compatriotas, honramos tamén á España democrática de hoxe e á España democrática do futuro.

*Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:*

1-. Respecto á identificación e localización de vítimas:

- Facilitar aos descendentes das vítimas que o soliciten, as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión posterior e das que se ignora o seu paradiro.*
- Elaborar e poñer a disposición das cidadás e cidadáns interesados, mapas nos que consten os terreos nos que se localicen os restos das persoas previamente mencionadas, incluíndo toda a información dispoñible sobre os mesmos.*
- Incorporar esa información ao mapa que confeccionará o Goberno, seguindo o procedemento que este determine, para que toda a información sexa accesible a todas as cidadás e cidadáns.*
- Preservar especialmente eses terreos.*
- Autorizar as tarefas de prospección para localizar os restos das persoas desaparecidas.*



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

- *Establecer o procedemento e as condicións en que os descendentes directos, ou as entidades que actúen no seu nome, poidan recuperar os restos enterrados nas fosas correspondentes, para a súa identificación e posterior traslado a outro lugar; ponderando, en todo caso, a existencia de oposición de calquera dos descendentes directos das persoas ás que pertencen os restos que deban ser trasladados.*
- *A tales efectos, e con carácter previo á correspondente resolución, darase unha axeitada publicidade ás solicitudes presentadas, comunicando en todo caso a súa existencia á Administración Central do Estado, para a súa inclusión no mapa previamente mencionado.*
- *Os restos que sexan obxecto de traslado e non fosen reclamados serán inhumados no cemiterio municipal.*

2.- Respecto aos símbolos e monumentos públicos:

- *Tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación -persoal ou colectiva- da sublevación, da Guerra Civil e da represión da Ditadura; agás que estas sexan de estricte lembranza privada, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei.*
- *Retirar pola administración pública as subvencións ou axudas concedidas aos propietarios privados que non actúen do modo previsto no apartado anterior.*
- *Colaborar co Goberno e a Comunidade Autónoma na elaboración do catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura.*

7.2.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O VOTO EMIGRANTE.

O Sr. Pena Abal indica que se trata dunha moción tipo como as demais que se presentan no Concello. Preténdese que o voto emigrante sexa en urna.

O Sr. Campos Velay di que o presidente da Xunta instou un relatorio parlamentario para estudar a modificación do voto emigrantes. Cando o voto emigrante era favorable ao PP non pasaba nada pero agora que non é así pretenden o cambio. Están a favor de que os emigrantes voten en urna pero consideran que esta moción neste intre é unha vergoña.

A Sra. Pazos Touriño comparte a opinión do PSOE pero consideran importante que se plantexe este tema. Fai referencia á proposición de lei orgánica presentada polo BNG o 25 de abril e publicada no 5 de setembro no boletín das Cortes relativo á modificación do voto emigrante.

Estarían a favor da moción se estivera en galego trala aprobación por unanimidade da ordenanza reguladora do emprego do galego e se modificara o punto primeiro do acordo incorporando as iniciativas presentadas no Parlamento de Galicia coa seguinte redacción:

O Pleno municipal do concello de Cuntis insta aos grupos parlamentares das Cortes Xerais a que, con carácter de urxencia, aproben as proposicións de Lei Orgánica de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xullo, do réxime electoral xeral,



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

presentada polo Parlamento de Galiza, apoiada unanimemente polos grupos parlamentarios do BNG, PSOE e PP, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía, nos termos que se expresan nela.

O Sr. Pena Abal está de acordo coa emenda sempre que se substitúa Galiza por Galicia.

Non habendo máis intervencións procédese á votación co seguinte resultado:

VOTOS AFIRMATIVOS: 6 (PP e BNG).

VOTOS NEGATIVOS: ningún.

ABSTENCIÓNS: 4 (PSOE).

Aprobándose por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación o seguinte acordo:

A Constitución Española, no seu artigo 23, outorga o dereito de sufraxio a todos os cidadáns. Ademais, o artigo 14 do devandito Texto garante a todos os españois igualdade no exercicio dos seus dereitos. Todo iso supón que, dunha ou outra forma, os poderes públicos deben articular algún mecanismo que permita aos españois residentes no exterior exercer o dereito de sufraxio con todas as garantías.

Así, a Lei Orgánica 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da Cidadanía Española no Exterior, que versa sobre o dereito dos españois residentes no exterior a ser elector e elixible nas mesmas condicións que a cidadanía residente no Estado español, proclama no seu artigo 5 o seguinte:

"1. Os españois que residen no exterior teñen dereito a ser electores e elixibles, en todos e cada un dos comicios nas mesmas condicións que a cidadanía residente no Estado español, nos termos previstos na normativa de aplicación.

5. Para facilitar o exercicio do dereito de voto dos españois residentes no exterior, promoveranse as medidas legais tendentes a homoxeneizar os procedementos electorais para a cidadanía española no exterior e habilitaranse os medios materiais, técnicos e humanos precisos que posibiliten a votación en urna ou a través doutro medio técnico que garanta o segredo do voto e a identidade do votante, en eleccións xerais, europeas e autonómicas, nas demarcacións consulares, tendo en conta as características dos países de residencia e o número e distribución de españois residentes no país de que se trate".

Nestes momentos a regulación da normativa electoral neste aspecto resulta insatisfactoria, tanto dende o punto de vista da seguridade xurídica coma do das garantías democráticas que aseguran que o voto sexa universal, libre, igual directo e secreto.

Por esta razón, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso presentou unha Proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei de réxime electoral xeral para adecuar as especificidades do dereito ao voto dos españois residentes no exterior coa garantía democrática que representa o sistema de voto en urna, apoiado na administración consular, así como o exercicio do voto



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

por correo con todas as garantías, a regulación das campañas electorais e a previsión de depuración do censo de electoras e electores residentes no exterior.

Considerando a importancia desta iniciativa, o Grupo Popular somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - O Pleno municipal do concello de Cuntis insta aos grupos parlamentares das Cortes Xerais a que, con carácter de urxencia, aproben as proposicións de Lei Orgánica de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xullo, do réxime electoral xeral, presentada polo Parlamento de Galicia, apoiada unanimemente polos grupos parlamentarios do BNG, PSOE e PP, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía, nos termos que se expresan nela.

SEGUNDO. - Instar ao Goberno para que se proceda a tomar cantas medidas sexan necesarias para que, unha vez aprobada a reforma da Lei, se de cumprimento con carácter de urxencia ao. Contido da referida reforma da Lei Orgánica electoral xeral.

TERCEIRO. - Dar traslado destes acordos aos voceiros parlamentarios na subcomisión sobre as posibles modificacións do réxime electoral (Comisión Constitucional) do Congreso dos Deputados.

8º PREGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Pena Abal recorda a promesa dun médico e unha enfermeira para o Centro de Saúde que continúa pendente desde fai case un ano.

A Sra. alcaldesa explica que está pendente de que se cubra a oferta de emprego.

O Sr. Escariz Fuentes di que por un tema familiar tivo que acudir ao Centro de Saúde e non estaba nin o médico de cabeceira nin o substituto, estando saturados os outros dous médicos. Tivo que chamar ao 061 para que fixeran un traslado a Pontevedra. A Corporación ten que tomar medidas. É unha vergoña que Cuntis só teña dous médicos, haxa que acudir ás ambulancias e os enfermos estean nun corredor todo o día.

A Sra. alcaldesa transmitirá este tema a Atención Primaria. É necesario un novo médico pero o déficit de médicos foi moi grande durante os últimos anos.

Non habendo máis intervención a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión sendo as vinteunha horas e sete minutos, de todo o que, como secretaria dou fe.

A alcaldesa,

A secretaria,

Fátima Monteagudo Pereira.

Beatriz del Cerro del Río.